



ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE MAIO DE 2013.-

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D^a M^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D^a MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.</p> <p><u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e nove minutos do día trinta de maio de dous mil trece, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	--

Punto núm 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 15/01/2013.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación a acta da sesión celebrada o día 15 de xaneiro de 2013.

Punto núm 2.- Dar conta Sentenza T.S.X.G. 12-04-2013 "Recurso suplicación A. González Ansoleaga, A.M. Leira Ferro e N. Vilar Martínez".-

FALLAMOS: Desestimando el recurso de suplicación interpuesto por D^a Asunción González Ansoleaga, Dña. Ana María Leira Ferro y Dña. Noelia Vilar Martínez contra la Sentencia de 2 de julio de 2010 del Juzgado de lo Social número 2 de Ferrol, dictada en juicio seguido a instancia de las recurrentes contra el Concello de Ares, la Sala lo Confirma íntegramente.

O Concello Pleno dase por Enterado.

Punto núm. 3.- Dar conta Sentenza do T.S.X.G., de 02-05-2013, "France Telecom España S.A.".-

Dase conta da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 02-05-2013, "France Telecom España S.A.", na que se dicta o seguinte FALLO:

"Que **ESTIMAMOS PARCIALMENTE** el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A., (ORANGE) contra el Acuerdo del Ayuntamiento de Ares por el que se aprueba definitivamente la Ordenanza reguladora de la tasa por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local por las empresas explotadoras de servicios de telefonía móvil (BOP de 23/08/2010). En consecuencia, declaramos contrarios a Derecho, anulándolos, los particulares consignados en el párrafo final del fundamento de derecho segundo de la presente resolución. Desestimamos el recurso en lo restante. Sin efectuar pronunciamiento en orden a la imposición de costas procesales."

O Concello Pleno da por enterado.

Punto núm. 4.- Dar conta da liquidación do Orzamento 2012.-



Pide a palabra o Sr. Mesias Farías, por unha cuestión de Orde, manifestando que non teñen a documentación relativa a este punto.

O Sr. Alcalde manifesta que foi a Xunta de Voceiros e que se deu conta alí.

Sr. Mesias Farias, nos non a temos, e pedimos que conste e acta que non temos a documentación.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral, manifestando que convocado o Pleno a Lei dí que o expediente ten que estar o expediente a disposición dos Sres. Membros da Corporación, e de feito estaba, que pasou, que a funcionaria fixo unha fotocopia parcial, non debeu de fotocopiar todo, agora o expediente estar estaba todo, tamén está o tema de "gestiona" eu subin o que me afecta a mín, esto poderíase ter súbido, pero estar estaba que é o que pide a Lei, se non que se cambie impresións coa funcionaria e pode xustificar que estaba alí enriba, e ademáis que non ten maior ciencia é a liquidación.

Interven o Sr. Luis Cendán, eu o imprimin de "Gestiona".

Sr. Secretario, non Luis en "gestiona" está o informe meu de estabilidade non está o que eles dín, estou hai que escanéalo, agora físicamente esta.

Sr. Mesias Farías, pero haber, eu se vou ó funcionario e lle pido que me faga a copia do expediente como facemos sempre e ela me entrega un expediente que está incompleto.

Sr. Alcalde, non podes pedir que che faga copia do expediente, eu na miña época as facía eu, terá que facer outras cousas, se pon o expediente a túa disposición a información o poñen ahí e así fotocopias ti o que queiras, e non temos malos entendidos do que che fotocopia a funcionaria, a parte do que o que fotocopia a funcionario vas ti o comprobas e se ves que falla algo pides o resto, e o fotocopias ti, e logo das a queixa que consideres oportuno, eso pasa por que queremos secretarios, eu na miña época de Concelleiro con Aquilino, ía collía o expediente o fotocopíaba eu e collía o que eu quería, entonces primeiro aquí non hai funcionarios a disposición dos grupos, entonces se pon a documentación a información e un a colle se ve que efectivamente lle pide a un funcionario que lle faga fotocopias e este as fai mal terá que supervisar que as fixo mal e pedir o resto, entonces se acabou eso de facer fotocopias para os grupos e que cada se faga as súas.

Sr. Mesias Farías, ben o procedemento para a fotocopia e solicitar, e pedir permiso para facer a fotocopia do expediente ou podemos.

Sr. Alcalde, sempre que houbo pleno e hai que tempo que o fai o Voceiro, eu xa non o fago, cando se convocaba Pleno poñía a documentación a disposición dos grupos no despacho do Sr. Secretario, os voceiros ían alí a miraban fotocopíabamos nos o que queríamos, que podía ser todo ou ven parte, nos fotocopíabamos o que queríamos, e se faltaba algo eu o pedía, me parece moi cómodo dicirlle a alguen fotocópiame e logo votarlle a culpa a ese alguen que aínda por riba non fotocopía todo.

Sr. Mesias Farías, quen votou a culpa foi o Secretario, aquí non se trata de acusar a ninguén, se trata de aclarar cal foi o problema da eiva.

Sr. Alcalde, tedes que comprobar as fotocopias, e dicir o que vos falla, e máis fácil calarse e despois soltalo no Pleno.

Sr. Mesias Farías, e que me din conta onte ó acabar de revisar os Plenos, porque non estaba cando a Xunta de Voceiros.

SR. Alcalde, eso pasa por pedirlle a alguen que non eres ti, pasa por delegar a responsabilidade en alguen que te fixo unha fotocopia parcial.

Sr. Mesias Farías, eu non sei se me fixo unha fotocopia parcial.



Sr. Alcalde, enton eu digo que cando teñades a documentación a vosa disposición, miradea, darlle as voltas que queirades fotocopiar o que queirades e logo efectivamente, estou convencido que o funcionario non ten ningún interé.

Sr. Mesias Fariás, non estou falando de votarlle a culpa a ninguén, estou dicindo que por que non estaba completo simplemente.

SR. Alcalde, non estaba completo porque cando o diron non o miraches. Isto é un Pleno e eu o podería facer ben ou facer mal, pero cando hai dereitos definidos nas Leis e nos Regulamentos nos acollemos a eles, pero tamén hai obrigacións e cando fala o voceiro ti non podes falar (dirixíndose o SR. Fernández Permuy), é así de sinxelo.

Dase conta do informe do Secretario-Interventor que seguidamente se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2012

En cumprimento da petición da Alcaldía, na que se solicitou informe desta Intervención en relación coa aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio económico 2012, e de conformidade co previsto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990 e de conformidade co artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, emítense o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. De conformidade cos artigos 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigacións o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería Local os ingresos e pagos pendentos, segundo as súas respectivas contraccións.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 163, 191, 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— Os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

— Os artigos 3.1 e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentari — Os artigos 4.1, 15 e 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

— A Resolución de 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

— A Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

TERCEIRO. Aplicarase cada unha das Instrucións de Contabilidade dependendo de en qué situación se atope cada Concello:

a) O modelo normal aplicarase nos municipios cun orzamento que exceda de 3.000.000 de euros, en aqueles municipios cun orzamento que non supere este importe pero si supere os 300.000 euros e a súa poboación sexa superior aos 5.000 habitantes, e nas demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000 de euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais enumeradas anteriormente.

b) O modelo simplificado aplicarase aos municipios cun orzamento que non exceda de 300.000 euros, a aqueles que superen o importe pero non excedan de 3.000.000 de euros e a súa poboación non supere os 5.000 habitantes, así como as demais entidades locais sempre que o seu orzamento non exceda de 3.000.000 de euros.



Tamén será aplicable aos organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas no parágrafo anterior.

CUARTO. A liquidación do Orzamento poñerá de manifesto:

A) Respecto ao Orzamento de gastos e como mínimo a nivel de capítulo:

- Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.
- Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
- As obrigas recoñecidas, netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
- Os pagos realizados, con indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigacións recoñecidas

netas.

- As obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2012.

- Os remanentes de crédito.

B) Respecto ao Orzamento de ingresos e como mínimo a nivel de capítulo:

- As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
- Os dereitos recoñecidos.
- Os dereitos anulados.
- Os dereitos cancelados.
- Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións

definitivas.

- A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.

- Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2012.

- A comparación dos dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.

A confección dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

O estado da liquidación do Orzamento estará composto por:

- Liquidación do Orzamento de Gastos.
- Liquidación do Orzamento de Ingresos.
- Resultado Orzamentario.

A liquidación do Orzamento de gastos e a liquidación do Orzamento de ingresos presentaranse co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

QUINTO. Como consecuencia da liquidación do Orzamento deberán determinarse:

— Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro (artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

- O resultado orzamentario do exercicio (artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

- Os remanentes de crédito (artigos 98 a 100 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

- Os remanentes de Tesourería (artigos 101 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

SEXTO. En canto á avaliación orzamentaria deberá terse en conta que as Entidades Locais deberán axustar os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido este como a situación de equilibrio ou superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (artigos 3.1 *in fine* e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria).

A este respecto a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O sinalado informe sobre o Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria inclúese no expediente.

SÉTIMO. O procedemento a seguir será o seguinte:

A. Corresponde ao Presidente da Entidade Local, previo informe de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e do Informe de Intervención, a aprobación da liquidación do Orzamento da Entidade Local e das liquidacións dos Orzamentos dos Organismos Autónomos dela dependentes (artigo 90 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

B. Da liquidación de cada un dos Orzamentos, unha vez efectuada a aprobación, darase conta ao pleno na primeira sesión que celebre.

C. Aprobada a liquidación deberase remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.



OITAVO. Examinada a liquidación do Orzamento municipal único de 2012, comprobouse que as súas cifras arrojan a información esixida polo artigo 93.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, co seguinte resultado:

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

- Créditos iniciais: 4.554.060,47 euros.
- Modificacións de créditos: 1.728.417,71 euros.
- Créditos definitivos: 6.282.478,18 euros.
- Obrigacións recoñecidas netas: 5.326.212,28 euros
- Pagos recoñecidos netos: 4.482.428,12 euros.
- Remanentes de crédito comprometidos: 153.826,03 euros.
- Remanentes de crédito non comprometidos: 802.439,87 euros.
- Remanentes de crédito totais: 1.206.372,69 euros.

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

- Previsións iniciais: 4.554.060,47 euros.
- Modificación das previsións: 1.728.417,71 euros.
- Previsións definitivas: 6.282.478,18 euros.
- Dereitos recoñecidos: 7.166.803,49 euros.
- Dereitos anulados: 36.844,36 euros.
- Dereitos cancelados: 0,00 euros.
- Dereitos recoñecidos netos: 7.129.959,13 euros
- Recadación neta: 6.469.059,16 euros.

RESULTADO ORZAMENTARIO

- Dereitos recoñecidos netos: 7.129.959,13 euros.
 - Obrigacións recoñecidas netas: 5.326.212,28 euros.
- TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO: + 1.803.746,85 euros.

NOVENO. Do resultado orzamentario.

Os artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, e a regra 78 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local definen, a nivel normativo, o resultado orzamentario, ao dispoñer que virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados e as obrigacións orzamentarias recoñecidas en dito período, tomando para o seu cálculo os seus valores netos, é dicir, deducidas as anulacións que nunhas ou outros producíronse durante o exercicio, sen prexuízo dos axustes que deban realizarse.

DÉCIMO. Sobre o Resultado Orzamentario realizaranse os axustes necesarios, en aumento polo importe das obrigacións recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, e en aumento polo importe das desviacións de financiamento negativas e en diminución polo importe das desviacións de financiamento positivas, para obter así o Resultado Orzamentario Axustado.

No momento de liquidar o Orzamento calcularanse as desviacións de financiamento producidas en cada un dos proxectos de gastos con financiamento afectada, desviacións que se produciron como consecuencia dos desequilibrios orixinados polo desfase ou desacompasamento entre o financiamento recibido e o que debería haberse recibido en función do gasto realizado.

A. Gastos realizados no exercicio económico de 2012 financiados con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Son aqueles gastos realizados no exercicio 2012 como consecuencia de modificacións orzamentarias financiadas con remanente de Tesourería para gastos xerais.

Estes gastos realizados (obrigacións recoñecidas), que foron financiados con remanente de Tesourería para gastos xerais, se tiveron en conta para o cálculo do resultado orzamentario do exercicio, aumentando o mesmo.

B. Determinación de desviacións positivas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado de 2012, imputables ao exercicio orzamentario, e que diminuirán o resultado orzamentario.

A desviación é positiva cando os ingresos producidos (dereitos recoñecidos) son superiores aos que correspondesen ao gasto efectivamente realizado (obrigacións recoñecidas).

Tal situación xera un superávit ficticio, que haberá de diminuírse, axustando o resultado orzamentario polo mesmo montante que supoña tal superávit.

C. Determinación de desviacións negativas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado imputables ao exercicio orzamentario, e que aumentarán o resultado orzamentario.



A desviación é negativa cando os ingresos producidos no cubriron o gasto realizado, concretamente trátase de gastos de inversión que se realizaron neste exercicio económico e cun financiamento que se obtivo en exercicios anteriores, tal situación de non terse en conta xeraría un déficit ficticio, debido ao desacoplamento entre os gastos e ingresos afectados, e elo obriga a realizar o correspondente axuste para que o resultado orzamentario ofrezca unha situación real que, neste caso, lograse aumentado aquel no mesmo importe que supoña dito déficit.

- Creditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais : 44.282,30 €.
- Desviacións de financiación negativas do exercicio : 191.510,87 €.
- Desviacións de financiación positivas do exercicio : 66.974,52 €.
- Resultado presupostario axustado : + 1.972.565,50 €.**

UNDÉCIMO. Do remanente de Tesourería.

Está integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigacións pendentes de pago e os fondos líquidos. Estará suxeito ao oportuno control para determinar en cada momento a parte utilizada a financiar gasto e a parte pendente de utilizar, que constituirá o remanente líquido de tesourería.

Obtense como a suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigacións pendentes de pago.

A. Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2012

- Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente.
- Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados.
- Dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que non sexan orzamentarios.

B. Obrigacións pendentes de pago a 31/12/2012

- Obrigacións pendentes de pago do orzamento corrente.
- Obrigacións pendentes de pago de orzamentos pechados.
- Obrigacións pendentes de pago correspondentes a contas de acredores que non sexan orzamentarios.

C. Fondos líquidos a 31/12/2012

- Saldos dispoñibles en caixas de efectivo e contas bancarias.
- Inversións temporais en que se materializasen os excedentes temporais de tesourería que non teñan carácter orzamentario.

DUODÉCIMO. Do remanente dispoñible para o financiamento de gastos xerais.

Determinase minorando o remanente de tesourería no importe dos dereitos pendentes de cobro que, en fin de exercicio considérense de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiamento afectado producido.

A. Dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación a 31/12/2012

O importe dos dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible recadación ven dado pola parte da conta de «Provisión para insolvencias» que corresponde a dereitos de carácter orzamentario ou non orzamentario incluídos no cálculo do remanente de tesourería. Será diferente se se trata de créditos sen seguimento individualizado, ou polo contrario téñase un seguimento individualizado.

No caso de que non exista seguimento individualizado, determinarase a provisión mediante estimación global do risco de errados. O saldo desta conta abonarase ao final do exercicio con cargo á conta «Dotación á provisión para insolvencias», e cargarase ao final do exercicio pola dotación realizada ao peche do exercicio precedente, con abono á conta de «Provisión para insolvencias aplicada».

No caso contrario, cando se trate de créditos sobre os que se efectúe un seguimento individualizado, abonarase ao longo do exercicio polo importe dos riscos que se vaian estimando e cargarase a medida que se vaian dando de baixa os saldos de debedores para os que se dotou provisión individualizada ou cando desapareza o risco con abono á conta «Provisión para insolvencias aplicadas».

B. Exceso de financiamento afectado producido a 31/12/2012

Estará constituído pola suma das desviacións de financiamento positivas a fin de exercicio e só poderá tomar valor cero ou positivo.

DÉCIMO TERCEIRO. Do remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado.

Nos supostos de gastos con financiamento afectado nos que os dereitos afectados recoñecidos superen ás obrigacións por aqueles financiados, o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais da entidade deberá minorarse no exceso de financiamento producido (artigo 102 do Real Decreto 500/1990).



Este exceso poderá financiar a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes aos gastos con financiamento afectado a que se imputan e, no seu caso, as obrigacións devidas a causa da renuncia ou imposibilidade de realizar total ou parcialmente o gasto proxectado.

Remanentes de tesourería total : 1.686.070,60 €.

Remanente de tesourería para gastos xerais : +1.243.377,74 €.

DÉCIMO CUARTO. Á vista do Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, despréndese que a liquidación do Orzamento non se axústa ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, polo que deberase elaborar e probar no prazo dun mes un Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.

CONCLUSIÓN

En conclusión ao exposto, o Secretario-Interventor que subscribe emite o informe preciso na Normativa vixente, opina que procede a aprobación da mencionada liquidación do Orzamento para o exercicio económico 2012 nos termos seguintes:

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ao exercicio 2012 nos termos nos que esta foi redactada.

SEGUNDO. Dar conta da citada liquidación do Orzamento ao Pleno do Concello na primeira sesión que este celebre e remitir copia da mesma á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.

Con todo, a Alcaldía resolverá o que estime procedente.

En Ares, a 27 de marzo de 2013.

O Secretario-Interventor"

Dase conta a Resolución da Alcaldía núm. 85C-13.

Visto o informe emitido pola Secretaria-Intervención, sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e liquidación orzamento 2012, no uso das atribucións que me confire no artigo 191.3 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO:

1º.- Aproba-la liquidación do presuposto de 2012, que ofrece o seguinte resultado presupuestario:

a) Operacións correntes	
Dereitos recoñecidos netos.	4.099.997,12
Obrigacións recoñecidas netas.	4.324.731,57
b) Operacións correntes non financeiras	
Dereitos recoñecidos netos.	226.784,38
Obrigacións recoñecidas netas.	777.459,28
1. Total operación non financeiras (a+b).	4.326.781,50
Dereitos recoñecidos netos.	5.102.190,85
2. Activos financeiros.	0,00
Dereitos recoñecidos netos.	0.00
3. Pavisos Financeiros	
Dereitos recoñecidos netos.	2.803.177,66
Obrigacións recoñecidas netas.	224.021,43
CALCULO RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO	
Dereitos recoñecidos netos.	7.129.959,13
Obrigacións recoñecidas netas.	5.326.212,28
4. Créditos gastados financiados con remanene de tesourería para gastos xerais	44.282,30
5. Desviación de financiación negativas do exercicio	191.510,87.
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio .	



66.974,52

168.818.65

RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO.

1.972.565,50

2º.- Enviar os datos da liquidación do presuposto á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma, de conformidade có disposto no artigo 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- Dar conta ó Pleno.

CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBERNO.-

Punto núm. 5.- Dar conta das Resolucións Dictadas pola Alcaldía-Presidencia, dende a celebración da anterior sesión ordinaria.

De conformidade eco previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

Toma a palabra o SR. Secretario, para que quede claro as Resolucións, as Resolucións da Alcaldía e Gasto tamén non se suben a Gestiona, porque conteñen datos protexidos, se ten acceso a documentación, e se quere fotocopias ten que quedar constancia que leva a fotocopia, porque houbo un expediente que nos abreu Protección de Datos, que me deu todo este traballo, e resulta que a instructora falando con ela quería expedientar os grupos municipais, pero se non teñen personalidade xurídica para expedientar, e dicir quen filtrou unha resolución que andaba polos bares, e dicir ter teñen dereito, agora me fan constar que levan unha copia e cada un se fai responsable do que leva.

Punto núm. 6.- Mocións e propostas.

O Sr. Alcalde, manifesta que hai dúas mocións que son sobre o mesmo tema de debate pero non din exactamente o mesmo, entóns é unha Moción sobre o Mantemento dos Xulgados de Paz e a grautuidade dos Rexistros Civís do PSdeG que coincide con outra do BNG e outra Moción sobre o libre dereito de dicisión das mulleres na intervención voluntaria do embarazo que coincide con outra do BNG que e sobre a Reforma da Lei do Aborto en consecuencia as vamos a votar por separado, cada un efetivamente levanta a mán no turno correspondiente e así nos evitamos loxicamente pois outras complicacións.

a) PS de G-PSOE, Mantemento dos Xulgados de Paz e de grautuidade dos rexistros civís.

O Grupo Municipal Socialista de Ares, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN** sobre o **MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ E DA GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVIS**, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tivemos conecemento a través dos medios de comunicación así como co borrador da LOPX e do Rexistro Civil, que o Goberno de España baralla a supresión tanto dos Xulgados de Paz como dos Rexistros Civís.



Respecto dos Xulgados de Paz, o Ministro Gallardón pretende que se eliminen totalmente e para sempre, o que sería un erro histórico e un paso máis ñas políticas de "afastamento dos xusticiables da xustiza". É ben coñecida a importante función que venen levando a cabo con moi poucos medios os Xulgados de Paz, desempeñando trámites de auxilio xudicial que evitan que as persoas usuarias se teñan que desprazar á cabeza dos distintos partidos xudiciais eos conseguíntes custes que elo conleva. Por elo, desde o PSdeG-PSOE queremos recoñecer e defender a función que veñen desempeñando os Xulgados de Paz e consideramos que procede unha reorganización dos mesmos, agrupando as secretarías dos pequenos municipios limítrofes, profesionalizando ao seu persoal e dotándoos de mais servizos.

En canto os Rexistros Civís, dende o Goberno non so se pretende a súa supresión, senón que sexan os Rexistradores da Propiedade os que veñan a desempeñar as súas funcións, algo que nin sequera ven claro os propios Rexistradores e Rexistradoras, por canto solicitan que sexan os usuarios os que asumen o custe do servizo. Elo suporía que servizos, ata o de agora gratuitos como solicitar unha certificación de nacemento, de defunción etc., servizos dos que toda a cidadanía fai uso con frecuencia, deixen de selo e pasen a ser de pago, o que parece que tamén é o obxectivo do PP na presente lexislatura.

Resulta claro, que as medidas de reforma que se pretenden adoptar por parte do Goberno do PP, redundan nun grave prexuízo para a cidadanía, e distan moito do modelo de Administración de Xustiza e do Rexistro Civil moderno que propugnamos dende o Partido Socialista, que ten como finalidade un servizo público de xustiza de calidade, prestado nun tempo razoable, gratuito, e adaptado a necesidade do noso país.

Por todo o exposto, dende o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares, somete a consideración do Pleno esta **MOCIÓN**, a fin de que se adopte o seguinte acordó:

- Expresar o total rexeitamento ao borrador de Anteproxecto de Lei de Reforma da LOPX e do Rexistro Civil.
- Instar o goberno da Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España para que:
 - *Se manteñan os Xulgados de Paz.
 - *Se doten estes Xulgados dos medios adecuados e da profesionalización dos seus traballadores e traballadoras.
 - *Se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Civís.

Dar traslado deste acordó o Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno de España."

Sr. Alcalde: o petitum é sencillo, se pide ante a posible reforma que está a tramitarse, se pide simplemente expresar o rechazo ó borrador, do antepoxecto de Lei de Reforma, instar o goberno da Xunta para que solicite o goberno do Estado, que se manteñan os xulgados de Paz, que se lles doten de medios adecuados e que se profesionalicen os traballadores e se garanten a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros.



Aberto un turno de intervencións, toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que o seu voto vai a ser favorable. Interven o Sr. Mesias Farias, manifestando que van a votar a favor.

O Voceiro do P.P. Sr. Sixto Galiano, manifesta que teñen unha emenda transaccional, "Instar ó Goberno Central a que as medidas que se adopten garantiscen unha Administración de Xustiza eficaz, e máis próxima os cidadáns e o aproveitamento das actuais infraestructuras actuais e que as xestións de carácter obrigatorio como as inscricións de nacemento e as actas de defunción sigan mantendo un carácter gratuíto."

O Sr. Alcalde resposta que non a podemos aceptar porque o rexistro Civil fai máis funcións e todas son gratúitas e agora so serían gratúitas esas dúas entónces.

Acto seguido sometese a votación a emenda e o Pleno do Concello por 4 votos a favor do Grupo MUNICIPALDO P.P. 8 votos en contra (6 do PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 1 abstención do Grupo Municipal de NAL acorda rechazar a emenda.

Seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente, somete a votación a Moción tal e como está redactada e o Pleno do Concello por 9 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE 2 BNG e 1 NAL), E 4 votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, acorda prestarlle a súa aprobación.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que esta mesma Moción do Grupo Municipal do BNG di tamén tres puntos parecidos pero non son exactamente iguais.

Toma a palabra o Sr. Mesias Farias voceiro do Grupo Municipal do BNG dando lectura á moción:

b) BNG: Mantemento dos Xulgados de Paz e de gratuidade dos rexistros civís.

O GM do BNG, ante a lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno do Concello de Ares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As recentes noticias publicadas en prensa, así como os borradores de reforma da Lei orgánica do poder xudicial e do Rexistro Civil, venen a por de manifestó que o goberno do PP no Estado quere eliminar tanto os Xulgados de Paz como os rexistros civís, de tal forma que estes últimos pasan a ser competencia dos Rexistros da Propiedade.

A proposta do Goberno central avoga claramente pola desaparición dos Xulgados de Paz, ao figurar que a potestade xurisdiccional se exercerá "con exclusividade nos seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia". Os Xulgados de Paz xogan un papel moi importante no achegamento da administración de Xustiza ás persoas usuarias deste servizo público, ao realizaren trámites de auxilio xudicial que lies evitan desprazamentos e custes económicos, como son, entre outros, as citacións e notificacións xudiciais, a realización de conciliacións. Xa que logo, a súa supresión vai afectar negativamente a moitas persoas ao desapareceren estes órganos de apoio xudicial básicos, que existen en todos os concellos, sen máis alternativa que a concentración nos xulgados de instancia, que só están localizados en determinadas cabeceiras de comarca e ñas cidades.

No que atinxe á modificación dos Rexistros Civís, non só se aborda a súa eliminación de xeito parello á desaparición dos Xulgados de Paz, senón que ademais se encomenda a súa competencia a rexistradores/as da Propiedade. Dése



xeito, un servizo até o de agora gratuito pasará a ser de pago, como manifestou o propio colectivo de rexistradores/as que, en principio, mantén unha postura remisa a asumir esas competencias, "se non queda absolutamente claro que as persoas usuarias custearán o servizo". Neste caso, afectará a unha ampla maioría, pois serán todas as persoas que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, que á súa vez son imprescindibles para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas.

Por tanto, é evidente, que as pretendidas reformas, non van en beneficio da maioría das persoas, senón que se fan con criterios única e exclusivamente economicistas e corporativistas, fomentando o pago directo a determinados funcionarios/as públicos por un servizo que debe ser gratuito, alen de iren na dirección contraria á modernización da administración de xustiza e do Rexistro Civil.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicitamos da Corporación en Pleno, a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1. Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado-relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e e ás Notarías das funcións dos Rexistros Civís, instando ao Goberno do Estado á inmediata retirada deste anteproxecto de lei.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Civís.**
- 3. Dar traslado deste acordó ao Goberno central e á Xunta de Galiza."**

Aberto o turno de intervencións para fixar posicións:

Voceiro de NAL, a miña posición e favorable.

Voceiro do PSdeG PSOE, van a votar a favor.

Voceiro do PP, presentan a mesma emenda.

Sometida a votación a emenda o Pleno do Concello por 4 votos a favor do Partido Popular, 8 votos en contra (6 do PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 1 abstención do Grupo Municipal de NAL acorda rechazar a emenda.

Seguidamente sometese a votación Moción do Grupo Municipal do BNG, e o Pleno da Corporación por 9 votos a favor (6 PSdeG-PSOE 2 BNG e 1 NAL) E 4 votos en contra do Partido Popular acorda preseta-la súa aprobación á moción.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Socialista do seguinte teor literal:

c) PS de G-PSOE, Defensa do dereito á libre decisión das mulleres (Interrupción voluntaria do embarazo).

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares, de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a presente **MOCIÓN EN RELACIÓN Á DEFENSA DO DEREITO Á LIBRE DECISIÓN DAS MULLERES (INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO)**, ao obxecto de ser incluída



na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo, en base ós motivos e consideracións expresadas na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Ministro de Xustiza anunciou que o Goberno de España presentará pronto unha nova regulación sobre a **Interrupción Voluntaria do Embarazo**. Segundo as propias declaracións efectuadas por Alberto Ruiz Gallardón, esta nova regulación terá os seus puntos crave en:

- A volta a unha Lei de indicacións moito máis restritiva que a lei de 1985, na que as mulleres non poderán decidir, senón que serán os médicos quen decidan por elas.
- Eliminación da posibilidade de interromper o embarazo cando exista malformación fetal.
- Fiscalización intolerable respecto ao suposto de risco para a saúde da nai, mostrando un claro desprezo e desconfianza cara ás mulleres, ás cales non as deixa decidir e en cambio serán profesionais externos os que decidan por ela.

O Goberno está a preparar unha das leis de aborto máis restritivas do mundo occidental e, así, España será o primeiro país que cando legisla sobre o aborto retrocede. Isto supón unha volta ao pasado, mesmo máis aló da primeira lei do ano 1985, e que as mulleres españolas teñan dúas opcións, abortar fóra de España se teñen recursos para iso, ou ben abortar en España en condicións de clandestinidade co consecuente risco para a súa saúde e a súa vida.

Gustaríanos lembrar que tal e como é coñecido, o Tribunal Constitucional en 1985, deixou claro que, en relación ao aborto, non estamos ante un confuto entre dous dereitos fundamentais, porque os únicos dereitos fundamentais implicados aquí son os dereitos das mulleres, sendo o non nacido un ben xurídico que queda debidamente protexido pola lexislación actual.

Así mesmo, é importante ter presente que a actual Lei, aprobada no ano 2010, foi avalada plenamente polo Consello de Estado, que naquel momento, argumentaba que era necesario reformar a regulación para adecúala á realidade e ademais destacaba a plena constitucionalidade do seu articulado.

A pesar de todo iso, o Partido Popular presentou un recurso de inconstitucionalidade contra a actual lei - tal e como xa fixo en relación aos matrimonios homosexuais -, que aínda non foi resolto polo Tribunal Constitucional. Aínda así, Gallardón prefire non esperar ao ditame do Tribunal Constitucional e con iso, se pliega, unha vez máis, ás demandas dos sectores máis ultraconservadores da nosa sociedade.

Porque do que está a falar Gallardón, de acordó coa Conferencia Episcopal, é en realidade, eliminar o dereito a decidir das mulleres, e que esa eliminación se faga á conta de por en risco a saúde e a vida das mulleres.

As leis restritivas de aborto non reducen o número de abortos, soamente incrementan o número de mulleres mortas ou que perden a súa saúde porque abortan na clandestinidade e en condicións insalubres. Se esta anunciadísima reforma sae adiante é seguro que se estarán quitando dous dereitos ás mulleres: **o da libre decisión e o da saúde.**

A proposta do Goberno sobre o aborto levaríanos á cola de Europa, á clandestinidade, a unha regulación que estará á altura de Malta, Andorra ou Polonia, os países máis restritivos e conservadores ñas súas normativas. Colócanos na clandestinidade ou no estranxeiro. E máis, nos últimos 28 anos, 36 países han liberalizado as súas leis de aborto pero ningún retrocedeu.



A inmensa maioría dos países europeos permiten a interrupción voluntaria do embarazo sen xustificación até a semana 14, oscilando entre a semana 10 de Portugal e as 24 semanas de Holanda.

No ano 2008 xa o Consello de Europa aprobou unha recomendación aos seus 47 países onde consagra o dereito ao aborto legal e sen riscos garantido polo Estado que converta esta práctica en accesible e segura. E ademáis convida a despenalizar o aborto, ala onde sexa delito. E o máis importante para a nosa situación actual: mostrase a favor dunha lei de prazos e reclama clases de educación sexual obrigatorias para os mozos.

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo reconece ás mulleres o dereito a unha maternidade libremente decidido. O que implica, entre outras cousas, que as mulleres decidan sobre o seu embarazo e que esa decisión -consciente e responsable- sexa respectada; ademáis, esta Lei garante o dereito á educación e á saúde sexual. Porque só cunha educación sexual adecuada e coa mellora no acceso aos métodos anticonceptivos, poderemos previr de maneira máis efectiva, especialmente en persoas novas, as infeccións de transmisión sexual e os embarazos non desexados e, por tanto, o numero de IVEs; así mesmo, a actual Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e IVE garante a igualdade no acceso, en todas as Comunidades Autónomas, ás prestacións en materia de saúde sexual e reprodutiva, así como o acceso a métodos anticonceptivos e de interrupción voluntaria do embarazo.

Os e as Socialistas entendemos que non se pode legislar ás costas da realidade, e a maior realidade é que as mulleres en todas partes do mundo teñen abortos, estean legalizados ou non.

A mellor forma de reducir o número de abortos non é negar o acceso a procedementos legáis e seguros ás mulleres, senón darlles o poder de controlar a súa fecundidade e de previr os embarazos non desexados.

ACORDO:

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte

MOCIÓN

- 1.- O Pleno do Concello Ares reconece o dereito a unha maternidade libremente decidido, o que implica, entre outras cousas, que as mulleres decidan sobre o seu embarazo e que esa decisión consciente e responsable sexa respectada.
- 2.- O Pleno do Concello Ares lembra ao Goberno de España a aconfesionalidade proclamada na Constitución e, neste sentido, rexeita calquera inxerencia no dereito a unha maternidade libremente decidido ao ditado de ningunha moral relixiosa.
- 3.- O Pleno do Concello Ares saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo anunciada polo ministro Gallardón e rexeita a regresión que ;so suporía.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que o mesmo sucede con outra Moción sobre o libre dereito das mulleres en materia de interrupción voluntaria do embarazo os acordos son reconecer ese dereito, a unha maternidade libremente decidida e que implica que as mulleres poidan decidir libremente sobre seu embarazo, recordarlle ó goberno a confesionalidade proclamada na Constitución, e efectivamente rechazar a reforma que nesta materia anuncio o Ministro de Xustiza, estes seriam os petitum da Moción Socialista.

Aberto un turno de intervencións para fixar posicións:

Voceiro de NAL: Abstención.



Voceiro do BNG: A favor.

Voceiro do PP: En contra.

Seguidamente sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por 8 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 2 BNG) 4 votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular e 1 abstención do Grupo Municipal de NAL, acorda prestarlle súa aprobación a Moción do Grupo Municipal do PSOE.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:

d) BNG: Reforma da Lei do Aborto.

O GM do BNG, ante a lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno do Concello de Ares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica suponen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fiquen fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se oponen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades



non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
2. Instar á Xunta de Galiza a por en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo eos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.
3. Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.
4. Instar á Xunta de Galiza a por en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.
5. O Concello pora en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos eos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei."

Aberto un turno de intervencións para fixar posicións:

O Voceiro NAL manifesta que vai a absterse.

O Voceiro do PSdeG-PSOE, di que a súa posición é favorable.

O Voceiro do P.P. Sr. Sixto Galiano, manifesta que esta Lei e para dar cumprimento o programa electoral que o Partido Popular levou as eleccións do 20 de novembro de 2011, é unha Reforma Lexislativa Parcial, o goberno non vai a retroceder na defensa dos dereitos da muller, o que se vai a facer e buscar según a doutrina do Tribunal Constitucional unha solución xurídica en caso de que ambos entren en conflito, unha das novidades que ten esta nova Regulación, é que por primeira vez na historia non habera reproche Penal para a muller en suposto algún, xa que nas outras si que a había, está é unha Lei que viña no programa electoral do P.P. e como tal a defendemos desta maneira.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farías, os compromisos electorais non xustifican para nada, o cumprimento despois deles, se pode haber, diverxencias de opinión.

Sr. Sixto Galiano, hai opinións, pero nunha elección se se presenta isto no programa e se gañan por maioría absoluta, quere dicir que a maioría do país quere eso.

Sr. Alcalde, nin o programa electoral do BNG nin o do PSOE levaban eso, polo tanto nos estamos tamén defendendo o noso programa electoral, efectivamente hai catro supostos efectivamente a Lei despenalizadora da transición, non rechaza a reprochabilidade que encerra un feito de matar, o



que pasa que a lexitima defensa tamén é unha exención da responsabilidade criminal nun matar, o estado da necesidade tamén é unha exención da responsabilidade criminal, bueno pois o abortar en situación de perigo para a nai, abortar en situación de malformacións para o feto, o abortar en situación de violación da nai, abortar no que son as circunstancias socioeconómicas, pois como ti dis se distipifica, entonces non hai un dereito a abortar, hai unha despenalización dese matar, por razóns de xustiza, porque si a mín me van a matar nun calexon e eu para defenderme mato, unha muller que mata para salvar a súa vida porque si o neno nace e ela morre, tamén é lexitima defensa son razóns de xustiza, efectivamente os partidos políticos en torno a esto teñen o seu propio credo, pero a razón pola que o BNG e o PSOE defendemos efectivamente o estato quo, nin pedimos máis nin pedimos menos pedimos que se manteña a Lei do Aborto que lle valeu a Aznar durante 8 anos, tamén gobernou o PP e non a tocou.

Fixadas as posicións sometese a votación o asunto, e o Pleno da Corporación por 8 votos a favor, (6 do PSdeG-PSOE 2 do BNG) 4 votos en contra do Partido Popular, e 1 unha abstención do Grupo Municipal de NAL acorda prestarlle a súa aprobación á Moción.

Moción do BNG sobre o Estado das vías de titularidade Municipal e o Incremento do IVTM.

Dase conta da Moción do Grupo do BNG do seguinte teor literal:

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexilación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende hai tempo, o BNG está a demandar que o goberno municipal leva a cabo un plan para a reparación e mantemento das vías de titularidade municipal. A pesar das diversas propostas presentadas, tanto por medio de mocións o una quenda de rogos e preguntas no Pleno, como nas distintas comisión, o grupo de goberno non executou ningunha destas acción e iso, a pesar de ter apoiado gran parte de iniciativas presentadas. Vaia como exemplo o compromiso plenario de 26/07/2012, no que se aprobou, cos votos a favor de NAL e o PSOE, que a moción presentada polo BNG pasase á comisión informativa (punto que viña reflectido na mesma moción), pero que a día de hoxe non se chegou a tratar en ningunha comisión.

Unha situación agravada polo goberno municipal cun plan de axuste froito dunha política de DILAPIDACIÓN dos recursos económicos. Como resulta de este plan, aplicou unha suba no Imposto sobre Vehículos dun 45% sen ter en conta nin a actual situación de crise e desemprego que afecta a o noso país e do que o noso Concello é alleo nin que na actualidade os vehículos non son un artigo de luxo senón unha ferramenta de traballo para a meirande parte da veciñanza.

Se a todo o anterior se suma o estado actual da rede viaria municipal, xunto a cativa cantidade de 63.000 euros que ven ser a consignada nos actuais orzamentos para o mantemento e reparación das vías municipais, máis parece estar ante un insulto á veciñanza que ante unha aposta por un plan de actuación para a reparación dos camiños e das estradas.

Cómpre lembrar que este goberno non fixo acondicionamento algún de vías municipais sen axudas doutras administricións amosando a súa INCAPACIDADE para planificar actuacións con achegas municipais.

Por todos o exposto anteriormente, dende o grupo municipal do BNG SOLICITAMOS ó pleno do concello de Ares a adopción do seguinte ACORDO:



- 1.- Que se faga efectivo o acordo adoptado polo pleno 27/07/2012, trasladando o seu contido á comisión informativa e adoptando os acordos que procedan coa finalidade de elaborar un Plan de actuación de mantemento e reparación da rede viaria do Concello.
- 2.- Que tendo en conta a actual situación de rede viaria, dentro do Plan se consignent como achegas municipais, cando menos o 100% da recadación do IVTM.
- 3.- Independentemente do solicitado nos dous puntos anteriores que o concello proceda a revisar a aplicación do incremento do IVTM, adaptándoo ás actuais circunstancias."

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farías quen lle cede a palabra o seu compañeiro Sr. Fernández Permuy, como é sabido dende o BNG vimos incidindo no estado no que se atopan as vías municipais e non imos deixar de poñelo enriba da mesa, porque nos entendemos que é algo de xustiza é unha debeda para con os veciños, e sabido tamén que desde este goberno non se ten a mesma prioridade a pesar das reiteradas ocasións que o Alcalde ten dito que recorre o Concello e mira as vías municipais, os demais tamén o recorremos e tamén sabemos o estado das nosas vías municipais e mesmo e vergonzoso cando o 26 de xullo de 2012, se aproba cos votos a favor do Partido Socialista e de NAL, que a nosa Moción fose a unha Comisión de Urbanismo, e vou a leer textualmente "que vaia a unha Comisión Informativa".

O Sr. Alcalde di que é para a exposición de motivos da Motivos.

O Sr. Fernández Permuy, e tamén para recordar.

Sr. Alcalde, a exposición de motivos a redactas ti, ninguen te obriga, tes que facer unha exposición de motivos e o petitum.

Sr. Fernández Permuy, vamos a ver Julio eu defendo a miña moción.

Sr. Alcalde, e expoñer a Moción, seus motivos.

Sr. Fernández Permuy, Julio eu defendo a miña Moción teño cinco minutos, como dícia se aprobou que a nosa Moción do 26 de xullo do ano pasado fose a unha Comisión Informativa, e nin foi nin ten previsto ir, unha vez máis a través do rodillo, calan do compromiso de facer e manter os camiños, pero claro está non é o máis sangrante, porque esto agrávese chegando ó punto esperpéntico, cando froito dunha política de dilapidación dos recursos económicos feita durante os catro anos, primeiros catro anos do goberno socialista, temos que ir a un plan de axuste que nos costou 1500 euros, e a rapaza que o facía seguro que lle importaba ben pouco que nos subirán os impostos, entre eles nos subeu o imposto do rodaxe, o imposto de vehículos de tracción motora, un 45% importandolles un carallo a situación económica das persoas que vivimos en Ares, que é bastante jodida, porque mire vostede os vehículos, non son un ben de luxo para moitos traballadores e traballadoras é unha ferramenta de traballo, pois bueno nos suben un 45%, e por riba temos que andar, temos que circular por camiños feitos unha merda, moitas veces hai que perder a elegancia nos Plenos porque estamos fartos, e aquí a solución é cando ven o veciño a protestar se lle pon un parche, igual que facía eu coa miña bicicleta cando ía a Pepe Mahía, cando tiña pinchada ia a poñer parches, pero chegaba un momento que non había parches, había que cambiala, hai amigo pero aquí votamos mán da Deputación e da Xunta para reparar os nosos camiños, nos somos incapaces de ter unha cuantía económica, para reparar os camiños, sesenta e tres mil euros mete nos orzamentos do 2012, vou a seguir dando datos, os ingresos que tiña



previsto o Concello no 2012, cento setenta e cinco mil euros, os ingresos que ten previsto o Concello no 2013 despois da subida, douscentos cincuenta e dous mil euros, unha diferenza de setenta e sete mil euros, e seguimos tendo os camiños cada día peor, algún día saberemos a onde se destinan eses cartos, polo tanto o BNG solicita unha vez máis, e non nos vamos cansar os seguintes puntos o seguinte acordo:

1º.- Que se faga efectivo o acordo adoptado polo Pleno de 26-07-2012, trasladando o seu contido a unha Comisión Informativa e adoptando os acordos que procedan, coa finalidade de elaborar un Plan de actuación de mantemento e reparación da rede viaria do Concello.

2º.- Que tendo en conta a actual situación da rede viaria, dentro do Plan se consigne como achegas municipais, cando menos o 100% da recadación do Imposto de Vehículos de Tracción Motora, o que se chama rodaxe.

E último punto e o máis sensíbel, independientemente do solicitado nos dous puntos anteriores, que o Concello proceda a revisar a aplicación do incremento do IVTM, adaptando as actuais circunstancias, evidentemente estamos falando das circunstancias económicas.

Sr. Alcalde, eu nese sentido pediríamos que o tema quedará enriba da Mesa, porque creemos que hai un error importante de tono na Moción que se presenta, en consecuencia por esta razón pedimos que este tema quede enriba da Mesa.

Interven o voceiro do P.P. Sr. Sixto Galiano, manifestando que non o entende que vai a Moción a xunta de voceiros, e agora se propón isto, é un exercicio de cinismo.

Sr. Alcalde, perdona pero os grupos se reservan para o Pleno a súa posición política, ou ti na Xunta de Voceiros me dis o que vas a votar en cada punto.

Acto seguido sometese a votación a proposta da Alcaldía-Presidentencia, de que o asunto quede enriba da Mesa, co seguinte resultado 6 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE) 6 votos en contra (4 P.P. 2 B.N.G) e 1 abstención do Grupo Municipal de NAL.

A vista do empate sometese novamente a votación con idéntico resultado, polo que o Sr. Alcalde-Presidente co seu voto de calidade acora prestarlle a súa aprobación á proposta de que o asunto quede sobre a Mesa.

O Sr. Sixto Galiano, solicita que conste en acta que se presentou unha Moción que pasou previamente pola Xunta de Voceiros que non se pode defender e que a deixa enriba da Mesa, que non se pode votar porque o di o Sr. Alcalde e o xustifica o Sr. Secretario.

Sr. Alcalde, é lóxico que conste eso na Acta porque é o que pasou.

Dase conta da Moción do BNG do seguinte teor literal:

e) B.N.G. Retirada da LOMCE polo seu carácter centralizador e desgalguizador.

O GM do BNG, ante a lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno do Concello de Ares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O de momento Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa, que o PP pretende converter en proxecto de lei, significará, de se consagrar, un reforzamento de moitas cuestións totalmente negativas para o sistema educativo, que os axentes sociais e profesionais levan anos a denunciar. Este anteproxecto presenta un texto que fundamente centralizador, clasista e sexista, que mercantiliza a educación e pretende afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Entres estas eivas, non deixa de ser relevante a falta de diálogo social con que se pretende aprobar e desenvolver, sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política.

Para alen doutras consideracións, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español. Fronte ao dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico atendendo as distintas realidades, a LOMCE elimina a opción da inmersión lingüística, ao establecer un mínimo de materias nas dúas linguas cooficiais. Por outra parte, dentro dun proxecto xerárquico, as materias pasan a clasificarse en diferentes categorías e o galego deixa de ser lingua troncal e recibe, desta maneira, unha consideración inferior á da primeira lingua estranxeira. Nesta mesma liña, o Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa, recollendo o ideario ideolóxico do Partido Popular, esconde baixo a falsidade dunha pretendida liberdade de idioma a posibilidade de non estudar en lingua galega, facilitando, con diñeiro público, a escolarización do alumnado que así o decidir en centros privados.

Levamos tempo asistindo a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores -políticos e mediáticos- que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo na Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua. Especialmente grave é que iso aconteza no ámbito educativo, pois está demostrado que sen competencia lingüística non pode haber uso lingüístico e, por tanto, o que esta lexislación pode provocar, se se aprobar, é a desaparición do galego ou a súa redución á mínima expresión dentro do ámbito do ritual e ocasionalmente consentido. Especialmente grave é a perda sistemática de exposición ao galego no ámbito urbano para a etapa infantil, de tal maneira que moitas nenas e nenos que viven en contornos xa fundamentalmente castelanizados non obteñen as competencias reequilibradoras das desigualdades que o ensino debe garantir. De feito, no último estudo realizado pola Mesa pola Normalización Lingüística, a respecto da presenza da lingua galega nas aulas de ensino infantil das sete cidades galegas, o galego está ausente por completo no 95,04% dos centros. Segundo declaran os 282 centros consultados, a suma daqueles que empregan total ou parcialmente o galego no ensino de nenos e nenas de 3 a 6 anos non supón máis que un 4,96% do total, isto é, 14 colexios en todo o país.

A realidade correspóndese, pois, coa falta de dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes e coa exclusión de coñecemento do galego desde as idades máis temperas nun ensino cada vez máis castelanizado. O Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa reforza aínda moito máis a idea de



que os únicos deberes para as administracións públicas fiquen referenciados ao uso do castelán.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. A retirada do Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa.
2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a retirada do Anteproxecto de Lei orgánica para a mellora da calidade educativa, por invadir as súas competencias.

A necesidade de que o sistema educativo potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país, respondendo, desta maneira, ao contexto onde se insire e partindo, por tanto, das distintas realidades lingüísticas que caracterizan o Estado español.

Interven o voceiro do BNG Sr. Mesias Farias, dando lectura a proposta de acordo.

Fixadas as posicións, polo Sr. Alcalde-Presidente sometese a votación o asunto e o Pleno da Corporación por 8 votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 2 BNG) (4 en contra do Grupo Municipal do P.P.) e 1 abstención do Grupo Municipal do Nal).

Punto núm. 7.- Rogos e Preguntas.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesias Fariás, referida a liquidación do ano 2012 querías saber se a realizou algunha empresa allea ó Concello, ou se contou con algunha contratación puntual e se foi ese o caso en que consistiría.

O punto número dous; levamos xa meses sen psicólogo no CIM nunha praza que nos consideramos imprescindible xa que o servizo que presta é de urxente necesidade para os usuarios, comentouse que se estaban facendo xestións para que se incorporará quen ten a praza, preguntar se hai algúnha novidade ó respecto, e de non ser así ¿considera vostede que non é necesario cubrir a vacante?.

A preguntar número tres, en meses pasados denunciámos a situación cada vez máis xeneralizada de verquidos incontrolados no noso Concello fixemos referencia ó situado en Estacas nunha antiga canteira, e tamén estamos a ver cmo na Avda. do Mazote e na finca que utilizou o Concello como aparcadoiro está a ver cascallos e demais, aínda onte puđen ver como un chipin vertía alí, ¿está o Concello tomando medidas no asunto?, a estes detalles que hoxe denunciámos aquí xuntase un problema que non é menor, e é que esta foto que mostro é dun verquido de pedra e terra en Santa Catalina, comentase que presuntamente foron operarios do Concello os que verqueron, ¿ten coñecemento o Sr. Alcalde ou algún concelleiro dos que teñen responsabilidade de persoal caso de Alma, de obras e servizos José Juan ou Urbanismo Olimpia, se o acto foi feito por persoal do Concello, sabese de que finca proven esta terra e pedras, de ser así gustaríanos saber que persoal participou no acto, e quen é político responsable de tal encomenda, pregamos claridade nas respostas e se hai dúbida que se investiguen os feitos que consideramos graves, e que se nos traslade con urxencia nunha Comisión os resultados da investigación do presunto caso, pregamos tamén



que as contestacións non sexan como as dadas na Comisión da semana pasada, sobre da chatarra, xa que íamos con algunhas dúbidas e voltamos cunha lagoa máis grande que a de As Pontes, nada se clarificou e o máis grave é que o tema pinta moi pero que moi mal.

Ultima pregunta, esta semana por fin tivemos acceso a unha documentación que solicitamos o día 4 de febreiro, incumpríuse o prazo en canto ó que está estipulado, tardaron máis de tres meses, tivemos que pedila outra vez, esta documentación relativa o problema de dependencia da Xunta sinala uns problemas a inspección derivados da mala xestión e coordinación por parte dos Servizos Sociais de Ares así como unha puntualización ó respecto da empresa que leva o servizo, concretamente dice que no contrato, debía de ser por un ano e non prorrogable, no contrato menor asinado establece que a súa duración non poderá ser superior a un ano, nin obxecto de prorroga según establece o artigo 15 Decreto 99/2012 as Entidades Locais prestaran o servizo público mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizo público, tomou medidas o Concello de Ares, para corrixir esta e outras eivas que marca a inspección e ser o caso é coñecedora a Xunta de Galiza das correccións efectuadas e a solucionar todas as eivas apuntadas pola inspección; nada máis moitas grazas.

O Voceiro do Grupo Popular Sr. Sixto Galiano, en principio e relativo as Resolucións da Alcaldía, veñen numeradas eu supoño que as resolucións da Alcaldía teñen que vir numeradas.

Sr. Alcalde non veñen porque se van metendo no Pleno según están disponibles, entón algúns números posteriores poideron vir ó anterior, e algúns poideron faltar e ir o seguinte, non veñen correlativas, loxicamente no ano tes todas as resolucións.

Sr. Sixto Galiano, hai aquí unha proposta da Concelleira de Persoal para contratar a un auxiliar da policía Local de Ares da bolsa de emprego, e o Informe de Secretaria Intervención, bueno eu moi intelixente non son pero o informe eu non sei se é favorable ou desfavorable, (dando lectura o informe), ben é certo que relata o que di o Real Decreto ¿é favorable o informe ou é desfavorable?, pregunto.

A seguinte pregunta, para mín é bastante violenta e ademais é sangrante, como preguntei no Pleno anterior si sabía que había venda de chatarra, na Comisión de Personal se recoñeceu que si que tiñan coñecemento da venda de chatarra utilizando os medios mecánicos do Concello, ¿é coñecedor Vde. de que ditas vendas como o expresan os Concelleiros de Persoal e Cultura, ten vostede coñecemento?, e quero unha explicación da utilización que se lles da os beneficios obtivos destas transaccións, e se repercuten nas Arcas Municipais, de feito teño unha fotografía do que é o Camión Municipal vendendo e non son lavadoras.

Sr. Alcalde xa o diseche no pleno anterior, e xa temos coñecemento.

Sr. Sixto Galiano, si pero na Comisión se dixo que eran lavadoras e isto non son lavadoras, e si é unha lavadora é industrial.

A seguinte, é: na lexislatura anterior vostede pintou todos os lavadeiros, fixo político sobre eso que había que recuperar o pasado, e o outro día fun a recoller auga a Porta de Seixas, e xa nin lavadeiro, o lavadeiro está e pegado o lavadeiro están facendo unha planta de bombeo me explicou alí un señor, o fai pegado o lavadeiro e impide o paso a coller auga á fonte, é un adefesio, se recuperamos o pasado o poñemos un adefesio dunha bomba pegado e que obstrue unha fonte, pase por alí e o mira.



Despois teño outras mais, hai que xente que se queixa do porque ten que estar un xogo de chave no Parque Rosalía, habendo unha cidade do deporte en Pedrós, como se pode facer diante dun paseo, porque se da a paradoxa de que tamén xogan hai os nenos, e tirando unha chave lle pode pegar a un neno na cabeza.

Outra máis onde están as farolas que se quitaron do porque Rosalía de Castro, cuantas quedan, porque non sei nin onde están, e se pode ser o número porque son preciosas e me gustaría cuantificar o número de farolas.

Outra, é relativa a un bolardo que está aquí xunto onde esta a carnicería de Modesto, xa se pincharon coches moitas veces, entonces digo eu ese bolardo me preocupe se era legal ou ilegal, e me parece que ese bolardo é ilegal, entonces o que digo eu é que se cambie o bolardo e que a xene, poida xirar tranquilamente por ahí.

E despois se a vostede lle gusta a praia e anda polos camiños, acérquese a onde é a praia do cruceiro, e esa praia desapareceu.

SR. Alcalde eso é competencia de Costas non é municipal, a competencia municipal e limpar a praia, mover area non.

Sr. Sixto Galiano, o paseo esta cheo de area.

Sr. Alcalde eso é teu goberno Ministerio de Medioambiente.

Sr. Sixto Galiano, por eso lle pido que fale con Costas e que repare ese mal.

Sr. Alcalde, non me dis que eu vaia a mirar, dille a Costas que vaia a mirar.

Sr. Sixto Galiano, e que Costas non é o Alcalde de Ares, o Alcalde de Ares é Julio Iglesias Redondo, non o digo como reproche.

Sr. Alcalde, mira Sixto hai maneiras e maneiras de prantexar as preguntas, cada un as plantexa como quere, pero si ti as plantexas así eu te contesto así.

Sr. Sixto Galiano, cada un terá capacidade de plantexalas como queira, eu ata agora non faltei á educación.

Sr. Sixto Galiano, outra pregunta máis, onte saíu no xornal que había un irmanamento con outro pobo que se chamaba Arés, supoño que este tipo de irmanamentos será a través de toda a Corporación Municipal, eu me supoño que si é isto terá que ir a Corporación Municipal.

E por último xa é o quinto cidadán que me o dí, hai un olor nauseabundo por todo o pobo, non fai falla que me o dixeran, desde hai tres ou catro días que hai este olor, e quero que se investigue a ver de que é. Resposta o SR. Alcalde, e lle pregunta o Sr. Secretario se houbo asesoramento externo para a elaboración da liquidación, respondendolle este que por parte da Deputación.

Sr. Alcalde, entonces na liquidación nos asesorou Asistencia a Municipios.

En materia do psicólogo, efectivamente a anterior se foi, igual que a anterior que tamén se foi, porque non olvidemos de que en Ares hai unha praza en propiedade, todos os que veñen a cubrila o saben, saben que en canto se incorpore o que ten a praza en propiedade se van para o paro, polo tanto cando lles xurde algo fixo ou mellor se van eles, porque saben que aquí non teñe futuro porque a praza ten un titular, entonces efectivamente a psicóloga anterior que houbo lle saliu unha praza fixa, e aquí non a ten e se van, porque aquí hai un funcionario que a ten en propiedade, entonces como efectivamente é un feito que se reitera, os psicólogos que o substituen cando atopan outra cousa, se van, estamos negociando co psicólogo que se



reincorpore, entonces efectivamente nesa negociación nos pide unhas cousas, nos efectivamente lle plantexamos outras, se está falando e efectivamente é un tema que pode solucionar de maneira definitiva a vacante si o titular se incorpora, e en consecuencia pois estamos a falar con el, para conseguir que se reincorpore, que di que non, pois terá que volver a saír, a contratación e o que a gañe saberá, que se ten que seguir a busca-la vida, porque cando o titular se incorpora se vai, pois se nos volverá a ir cando atope un traballo mellor, e entonces é unha situación desde o punto de vista laboral, normal, nos afecta o servizo pero efectivamente é así, hai un titular, nos non podemos cubrir a vacante, e o que a cubre se atopa algo mellor se vai, efectivamente claro que consideramos que é un plaza importante pero a situación e a que se produce.

En canto os verquidos Estacas e o Mazote son propiedades privadas, e dicir esa antiga canteira, creo que non é unha antiga canteira, e unha entrada natural producida pola erosión do mar, según dixo Costas e dictaminou, en consecuencia os propietarios teñen que tomar medidas, cando nunha propiedade privada votan escombros o Concello lles notifica que teñen que tomar medidas, o Concello non pode ir alí a quitar nada, loxicamente sen un expediente, e unha autorización, que neste caso aínda que a teñamos sería desmedida e sacar ese material costa moito, corresponde a propietario limpar, e corresponde a propietario tomar medidas para que non depositen nada no seu, tes que pechar o teu para que ninguén vote nada, hai unha situación onde es propietarios efectivamente lles votan alí a basura, eles din que non son responsables, nos sabemos que eles son responsables non dos verquidos senon de ter a su propiedade en condicións para que aqueles verquidos non se produzan, se echan algo no meu, teño que tomar medidas para que non volva a ocorrer, e eles non as toman, e ademáis están nunha zona onde as nosas competencias son nulas, chamamos a Costas, e notificamos os propietarios da obrigaçión que teñen de proceder a adoptar medidas para que eso non se volva a producir, e en canto ó material que hai o consello que nos deu Costas, é non sacalo senón verter camiões de terra vexetal por riba, entonces efectivamente ese material é material de escombros, se supón que alí non hai nada que poida danar o medio ambiente, son madeiras cristais, é escombros de obra fundamentalmente, entonces efectivamente plantexaban votar terra vexetal por riba, nos podemos asumir o votar esa terra vexetal, non habería ningún problema, pero é absurdo adoptar esa medida sen que os propietarios adopten as seguintes para seguir evitando, aquí votamos dous camiões de terra vexetal e dentro de cinco días volve a aparecer o escombros, estamos falando cos propietarios para que eles tomen medidas de peche de sinalización e nos efectivamente pois como temos a EDAR sobre terra vexetal, por sorte ou por desgraza hai moita obra, bueno pois pedirlle a COPASA que traia terra vexetal o igual que están votando noutras propiedades privadas, e cubrir eso, porque sanéalo efectivamente é costosísimo e se trata de materiais que con unha capa de terra vexetal por riba podería sanear a situación, e no Mazote e terreo e de Jofer, e igual que no lo deixou a nos para aparcas, se o deixou tamén á empresa da auga, e o deixou tamén a gas natural, entonces é un punto de verquido previo o tratamento de residuos, cando fan obra o levan para alí, cada vez que o levan para alí si é maerial apto para reutilizar e nos o necesitamos para camiños, tamén o pedimos e no lo dan, chegamos alí coa nosa pala collemos cargamos o noso chimpin e vamos a usalo, a nos tamén nos deixan coller ese maerial, e cando rematen a obra, todo ese material o teñen que quitar e lévalo, é un sitio de tránsito, entonces ahí acumulan para levar a reciclar



sen prexuízo de que efectivamente pois existan unhas autorizacións a diferentes empresas, incluso o Concello, si nos necesitamos terra vamos alí a no la dan, se os de COPASA, os de Gas Natural ou os que están facendo o abastecemento de Cervás necesitan deixar alí terra, van e a deixan, loxicamente é un punto de depósito mentres se fai a obra, cando rematen as obras eso ten que quedar limpo, as empresas o teñen que limpar, por certo a autorización a deu Jofer, nos non podemos deixar en terreos que non son nosos, igual que fumos nos e nos deixou aparcas a eles lles deixou depositar material.

O que ves ahí en Santa Catalina é unha baixada que se está facendo según temos dispoñibilidade de pedras, é unha baixada provisional, entón se vai a facer unha baixada de pedra e terra para baixar o tractor e limpar e sanear por alí se ten que facer a man, e é terrible facelo a man, entón según vamos tendo terra e pedra como é provisional a vamos votando alí, cando teñamos a suficiente conformaremos a baixada, entón por ahí baixará un tractor de desbroce para amañar dunha vez esa parte traseira, que facendo a man non a damos amañado nunca, así como na parte de diante, no campo de fútbol podemos entrar, e allanar e queda lisito, alí non podemos allanar, hai mogollon de pedras e ese traballo sempre o fixeron os servizos municipais, o Taller de Emprego ou Roberto, e incluso un ano creo que tamén o fixo Magariños que ten unha empresa de xardinería, entón o vamos contratando todos os veráns para deixalo ben, pero é imposible ten que baixar un tractor. Entón como non hai maneira de meter ahí un tractor, provisionalmente facemos unha baixada de pedra e terra, non temos moita pedra e terra e o vamos facendo e quitando de onde nola dan, nos din teño terra vexetal e pedra, se nos vale a vamos a coller a fincas privadas, a vamos a coller a depósitos transitorios de obra onde este, e vamos a ir volcando e cando teñamos a suficiente que aínda non a temos, faremos a baixada, e por ahí baixa a maquinaria para amañar a parte traseira de Santa Catalina, porque todos os anos nos leva moito diñeiro, porque se fan desbroces a man, e os desbroces a man non duran, e en consecuencia se está facendo unha baixada provisional para maquinaria, eu non enxeñeiro que esta dirinxido a obra, pero efectivamente se pon o escombros para a baixada e para a subida, e logo unha vez que aquilo este ben eu non sei se parte da terra se pode utilizar para allanar, para facer loxicamente aquilo é un desnivel, aquilo se está facendo xa que na parte dianteira nos xardíns se pode traballar ben nesa parte traseira non se pode traballar, necesítase un acceso para a maquinaria, entón se está facendo, eso se pon e se quita.

En materia de servizos sociais, efectivamente nos temos a esta empresa en prorrogas, entón efectivamente nos xa adoptamos todas as medidas para corrixir esta situación, que son a aprobación dunha nova ordenanza, e é evidentemente sacar a concurso a prestación do servizo, entón neste paso, Ares está xestionando todo o da EDAR e a EDAR está terminando, para nos toda a xestión administrativa é brutal, todas as expropiacións as inscricións a negociación cos Rexistros para a inscrición, a hipoteca coa entidade, isto move moito papeleo e efectivamente, os concursos para a explotacións dos bombeos, pois efectivamente o SR. Secretario da ata onde da, o Secretario nestes momentos está sobrecargado de traballo e efectivamente xa dixemos non sei se nunha Comisión ou nunha Xunta de Voceiros, que estamos elaborando unha nova Ordenanza e vamos a sacar a concurso o servizo tal e como indica o Acta de Inspección.



A Policía Auxiliar, evidentemente hai un Decreto que prohíbe novas contratacións salvo que sexan necesarias, entonces o SR. Secretario nos seus informes nos di, si é necesaria si, se non é necesaria non, entonces hai que xustificar a necesidade da praza, e no caso do Policía Auxiliar está xustificada a necesidade da praza, e no caso do policía Auxiliar, esta xustificada a necesidade da praza para o veran, en veran multiplicamos poboación e necesitamos máis policía entonces efectivamente onde é necesario o Decreto autoriza, e loxicamente no ámbito da Policía se considera necesario.

O tema da chatarra, xa che dixen que cando ti o plantexaches aquí, efectivamente eu o descoñecía, unha vez que ti o planteas aquí eu chamo e pregunto e me contan, que cando aparece fora do horario de recollida de voluminosos, as veces ti vas pola rúa e ves colchons fora do horario de recollida de voluminosos, por exemplo, e os ves efectivamente duas semanas antes do día que pasan, se manda que se retiren, se gardan e o día da recollida de voluminosos pois efectivamente se volve a poñer, efectivamente si fora do día de recollida de voluminosos se pon chatarra, pois a chatarra tamén se recolle, pero a chatarra se vendía, a chatarra se levaba a unha chatarrería e se vendía, en consecuencia efectivamente o Concello xulga positiva que se recolla a chatarra porque a quitan da rúa, por suposto se recollida fora do horario laboral, a mín as explicacións que me dan e que o fan fora do horario laboral, e que unha vez que a recollen tamén a venden fora do horario laboral, e certo que din que si que levaban o Camión do Concello, non vou a dicir de cando ven esto, non é de agora, ven de máis tempo, é unha practica que roza o que poidera ser unha costume, dicen que se facía así desde hai moito tempo, e chatarra que queda fora do día de voluminosos, ese material aparece en calquer momento, eles a recollían fora do horario laboral, e una vez que a recollían efectivamente procedían a súa venda.

Sr. Sixto Galiano, esto que teño eu é unha boia de setecentos quilos.

Sr. Alcalde, parecería na praia Sixto.

Sr. Sixto Galiano, se carga a boia e se leva para a chatarra, o normal sería que chames a inspección marítima ou a quen sexa, ti non podes coller unha cousa que sae do mar cargala no camión e vendela na chatarra, esto é para poñelo en coñecemento do Fiscal.

Sr. Alcalde, fai o que queiras.

Sr. Sixto Galicia, posiblemente o faga.

Sr. Alcalde, mira perdona ti me fas unha pregunta e eu te contesto, e as miñas contestacións non te teñen por que gustar, ningún regulamento me obriga a respostarche o que queres, é loxico que non te gusta a miña resposta pero é a que teño, baixo o teu goberno que non foi hai tanto porque eu levo de Alcalde 6 anos tamén se facía.

Sr. Sixto Galiano, eso non é certo.

Sr. Alcade, si, é máis esto se instauró e con ese diñeiro se facían as comidas do Nadal, e se facían as comidas.

Sr. Sixto Galiano, eso non é certo, e se é certo e non o denunciou e máis grave todavía.

Sr. Alcalde, a min me din que esto xa ven de antes, ti me fas a pregunta me entero chamo e me explican, e me din esto se fai desde hai moito tempo, xa se facía gobernando Cendán, e chantarra que vai fora dos horarios de voluminosos, e entonces nos vamos e a recollemos, e efectivamente a vendemos e con este diñeiro os traballadores do taller pois



efectivamente facemos o noso patrón, e me di que esto ven de tempo entonces eu agora que o sei lles dixen que sei recolledes a chatarra que hai por ahí o Concello lle ven ben, o facedes fora do horario laboral, non o facedes en horario laboral, agora se vades a utilizar un vehículo municipal tedes que pedir permiso, e se os dará ou non, ti no teu tempo libre fas o que queres, sales e colles a chatarra que te a gana.

Sr. Sixto Galiano, perdona co vehículo do Concello non.

Sr. Alcalde, eso é o grave, o estou dicindo, entonces o tema é, ti no teu tempo libre recolles a chatarra que che da gana, e a vendes, agora en vehículos municipais pides permiso, entonces cal é a resposta que dan, non pedimos permiso, porque vimos facendo así, desde hai anos.

Sr. Sixto Galiano, esta fotografía que acabo de ensinar eu da boia é en horario laboral.

Sr. Alcalde, eu non o sei Sixto eu digo o que me din.

Sr. Sixto Galiano, entonces habera que investigalo, eu se veño a pedir unha cedula de empadronamento e a que me da a ceduda me cobra un euro e se queda co euro.

Sr. Alcalde, non sei Sixto eu respostado o que me din.

Sr. Sixto Galicia, e que me medidas tomará o respecto desto.

Sr. Alcalde, evidentemente que cando fagan esto utilizando maquinaria municipal, teran que pedir permiso.

Sr. Sixto Galiano, e ata agora borron e conta nova.

Sr. Alcalde, pero que queres que faga, Barcenas tiña vintedous millóns de euros en Suiza, en Genova se repartían sobres a tutiple e te mosquea a chatarra, e de coña macho.

Sr. Sixto Galiano, si, si si, non a min non, eu son o representante proporcional dunha parte do Concello de Ares, non é que me moleste a mín persoalmente, xa dixen nun principio que me parece moi violento a mín, xa dixen que me parecía unha pregunta moi violenta, esta fotografía non fun eu a quitala, é moi grave, esto é para poñelo en coñecemento da Fiscalia.

Sr. Alcalde, esto non tes por que compartilo, o fan desde hai tempo, o fan fora do horario laboral e o fan nun camión municipal e teñen que pedir permiso e punto e xa esta.

En Porta de Seixas hai unha fonte que efectivamente se amañou como se amañaron moitas, para levar a auga a Cervás e a Chanteiro hai que bombearlo, en Cervás non hai auga, porque Cervás está mais alto que Ares, Chanteiro esta máis alto que Cervás e efectivamente como a auga non via por gravedade, hai que poñer unha estación de bombeo, e a estación de bombeo deciden os enxeñeiros ven PROYFE que é quen fai o proxecto se vai hai e porque un enxeñeiro decidiu que fora hai, non via un bombeo na Ranita, non vai un bombeo no Parque Pablo Iglesias, non vai un bombeo en pleno Canton de Molins, non vai un bombeo en pleno parque Rosalia de Castro, son decisión de enxeñeiro Sixto.

Sr. Sixto Galiano, pero hai un choque de intereses entre o enxeñeiro e o patrimonio do pobo.

Sr. Alcalde, o choque é que para ter auga en Porta de Seixas esto non lle afecta, Porta de Seixas vai seguir tendo auga, pero Cervás e Chanteiro tamén, entonces efectivamente cal é o dano, se anulou a fonte en Porta de Seixa, non segue habendo auga, bueno pois grazas a ese bombeo tamén via haber auga en Cervás e Chanteiro, se houbera que anular a fonte de Porta de Seixas imaxinate nunha balanza unha fonte menos en Lubre para darlle auga a Cervás e Chanteiro ti que decidirías, ti xa eres enxeñeiro e sabes que hai sitios.



Sr. Sixto Galiano, eu non son enxeñeiro pero estou seguro de que hai sitios compatibles a eses.

SR. Alcalde, non os hai Sixto, o bombeo tiña que ir nun determinado nivel, porque marcan os niveis a necesidade do bombeo, en función da presión, e tiña que ir ahí por narices, e entre outras razóns, que tamen hai que volorar eso é municipal, entonces se o Concello pode poñer algo nun terreo municipal, e se pode evitar a un veciño unha expropiación e poñelo encima pois tamén, buscas un sitio, para que vamos a expropiarlle a un veciño se o final a fonte segue funcionando, a fonte funciona e Cervás e Chanteiro van a ter auga.

A chave, efectivamente sempre se xogou a chave en Ares, Picas tiña un sitio para xogar a chave, detrás da igrexa Rafa o da Ferradura tiña un sito para xogar á chave, no antigo Picas na Avda. de Mugar dos se xogaba á chave, todo eso desapareceu, e a xente quere xogar á chave, detrás do Centro de Saúde xa non temos competencias porque ese terreo foi cedido á Consellería de Sanidade, con o que efectivamente hai vai haber a ampliación do Centro de Saúde, aparte Picas desapareceu xa non monta a Chave, entonces os xogadores de chave, din onde poñemos chaves, hai non lle molestan a ninguen.

Sr. Sixto Galiano, en Pedrós.

Sr. Alcalde, bueno pois en Pedrós tamén se pode poñer, a chave sempre se xogou no ámbito urbano, e dicir Picas a Ferradura tiñan chaves en Pleno casco urbano, e dicir nunca houbo unha chave lonxe, en Pleno casco Urbano sempre houbo xogos de chave, a quen lle molesta, xogar á chave.

Sr. Sixto Galiano, á xente que pasea por alí.

SR. Alcalde, tamén molestan os cans, e hai moitos cans que paseon por alí, porque vamos a mín costame meterme ahí a pasear, porque está cheo de cagadas de cans, eu non vexo moita xente por alí, si vexo xente que quere xogar á chave, e pide instalar dúas chaves e o Concello encantado lles deixa instalalas, o fixeron de acordo co medio, pintadas de verde, que problema hai.

As farolas no entorno de Cervás se subes polo Casino, baixas ata a igrexa e subes ata a Louseira, hai se repuxeron as farolas e son as do parque Rosalía de Castro, en Papellas, en Papellas non, subindo para o Cemiterio a man esquerda, hai unha urbanización que fixo SAR e hai tamén se estropearon todas as farolas, e se te fixas as farolas que hai son do parque Rosalía, no Salazón as farolas que se van a poñer son as do Parque Rosalía, quedan 21, entonces as vamos a poñer na urbanización de Papellas que as farolas onde esta o Centro de Maiores son moi malas, entonces as 21 que quedan as vamos a poñer na de Papellas, entonces están recolocadas.

En canto ó bolardo ese, o bolardo ese está na beirarúa, se ti te fixas, esta na beirarúa que choca contra o bolardo e que pisa a beirarúa, porque si eu vou pola beirarúa me pisaría a mín, entonces unha chica cun carrito de bebe se asomou por esa beirarúa, e un coche cando non había bolardo lle aplastou o carrito de bebe contra a parede da carnicería, veu aquí e me montou un cirio afortunadamente o neno non lle pasou nada, porque hai coches que pechan tanto que se votan enriba do peaton que via pola beirarúa, neste caso foi un carrito de bebe o que un coche golpeou contra a parede, entonces coa Policía Local decidimos poñer un bolardo, agora ti vas con teu cochecito de bebe, e si un coche se ciñe moito se da contra o bolardo non contra o coche de bebe.



Sr. Sixto Galiano, eu non digo que non exista o bolardo, pero que se vexa o bolardo, que a xente non o ve.

Sr. Alcalde, efectivamente o bolardo en toda esa rúa son baixos desde sempre, sabes que non os puxen eu, eu puxen ese da esquina, o resto son da mesma altura e veñen da urbanización da rúa vermella cando o fixo Cendán, entonces alí se puxo un bolardo á mesma altura que os demais, en todo caso é a Policía a que dí aquí vai un bolardo e aquí unha señal, eso se fixo para protexer a beirarúa.

O Concello Frances de Arés, efectivamente iniciou contactos co Concello de Ares para facer intercambio cultural, en que consiste, consiste en que sae un bardo dous días de Arés con Concelleiros do Concello Frances que está na Bretaña Francesa, entonces a nos dinos que van a vir uns concelleiros, nos chamamos o Nautico e amañamos o atraque, atracan veñen o Concello traen uns regalos de intercambios e eles nos manifestan a vontade de iniciar unha toma de posición sobre un convenio que teña contido cultural, un intercambio no ámbito das entidades privadas do Concello, nos íamos a facer relacións institucionais nin íbamos a sacar a recollida do lixo a medias, nin a auga a medias porque evidentemente no ámbito da xestión non hai contido, no ámbito cultural se hai contido, entonces houbo unha toma de contacto, eles estiveron aquí trouxeron unha mensaxe do Alcalde eu falei co Alcalde por teléfono e iniciamos os contactos, pero de momento non hai nada, de momento hai unha declaración de intencións dun grupo de Concelleiros de Arés que viñeron aquí que se reuniron connigo e que dixeron temos seis mil habitantes como vosoutros, estamos nun contesto dunha ría moi parecida á vosa, vivimos do mar e do turismo, nos non vivimos deso xa quixeramos, eles viven das ostras e de bateas, teñen seis habitantes, teñen un clube náutico, que me imaxino que establecerá algún tipo de convenio co de Ares, e nese punto estamos. Cando teñamos o convenio claro que ira a Comisións e ira Pleno, agora mesmo so hai unha toma de contacto provocada por unha viaxe que eles fixeron aquí, e viñeron a manifestar que o seu Concello cree que se pode facer un intercambio cultural.

En canto o olor non sei porque, porque efectivamente eso sucede cando non chove, cando as pluviais baixan a fluidez das fecais, en algúns puntos do Concello efectivamente hai olor, pero cando chove e as fecais teñen fluidez non sole haber olor, non sei se o influxo das mareas, estamos en marea chea, e en consecuencia Lua chea, posiblemente o que se vai a corrixir a partir de xuño que vai a entrar a EDAR en funcionamento, o emisario esta ahí e con esas mareas tan vivas non descarga o suficiente e entonces hai refluxos ese problema sen dubida algúnha vai a ser amañado pola EDAR.

Sr. Sixto Galiano, perdón teño unha pregunta técnica, eso da Moción que presentou o Bloque que quede enriba da mesa que quere dicir.

Sr. Alcalde, significa que non se trata no Pleno e punto, queda enriba da mesa volveremos a falalo en Comisión.

Polo SR. Secretario, se aclara que queda para a seguinte sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e vintedous minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,